

3.- Con boa letra

Pasouche algunha vez que cando estabas a ler un libro atopácheste con que a súa lectura facíase lenta e pesada ánda que a historia que che estaban a contar era interesante? É moi probable que o motivo desa dificultade na lectura fose o mal deseño da tipografía do documento.

Aínda que como xa comentamos a presentación é só un apoio para o teu relatorio, e polo tanto terá pouco texto, é necesario que o que apareza poida ser lido con claridade polo auditorio e reforce a mensaxe que queres transmitir. Por ese motivo imos dedicar este apartado do curso a analizar as características que deberá reunir ese texto para que axude a transmitir mellor a túa idea.

Seguramente non atoparás grande diferencia entre G e G, e posiblemente o consideres algo excesivamente técnico e con escasa relevancia para o deseño da túa presentación, pero a tipografía marca subliminalmente a sensación que transmite a presentación, así que deberás escoller un tipo de letra que estea en consonancia coa mensaxe que queres transmitir. Hai uns séculos [Maximilien Vox](#) fixo unha das primeiras clasificacións dos tipos de letras que segue a manterse, con pequenas variantes, até os nosos días. Para esta clasificación tiña en conta o feito de que as letras tivesen ou non uns remates, chamados serif, ao final de cada letra.

Amplía

Para poder elixir unha tipografía axeitada á túa presentación podes seguir os consellos de moitas páxinas de deseñadores gráficos, esta é unha delas.



PRECIOS INSPIRACIÓN

AYUDA

REGISTRARSE

INICIAR SESIÓN

Elige la tipografía para tu web

Lembra

Martín, J. (2003).: *Manual de tipografía*. Campgràfic. Valencia establece os seguintes tipos de letras:



- **Romanas.** Os trazos varían de grosor e están acabados en remates. É o que integra o grupo máis numeroso de variantes e tamén é o máis empregado tanto pola antigüidade como pola boa lexibilidade. Teñen as características das romanas a Garamond, Times New Roman, Bodoni ou Bookman, entre outras.



- **Exipcias.** Están a medio camiño entre as romanas e as de pau seco. Presentan un visible aumento do tamaño dos remates e un engrosamiento dos trazos. Son exipcias a Rockwell ou a Óptima.



- **De pau seco.** Non teñen remates e os trazos son sempre do mesmo grosor. Poñen o contrapunto ás romanas. Son a Gill Sans, Helvetica ou a Avant Garde.



- **Manuscritas.** Imitan o trazado manual e poden ter os caracteres enlazados ou soltos.



- **De fantasía.** Fóra da norma están realizadas con diferentes pretextos gráficos.

Amplía

Matthew Carter é o deseñador de tipografías como a Verdana ou a Georgia e neste relatorio fai un repaso por algunhas das anécdotas que lle aconteceron durante a creación de tipografías ao longo da súa vida.

Matthew Carter
Mi vida en tipografías

3.1.- Criterios de lexibilidade

Cando esribas algún texto na túa presentación deberás procurar non só que garde un deseño apropiado á mensaxe que queres transmitir, senón tamén que sexa lexible.

Resumidamente dicimos que un texto é lexible cando se pode ler por estar escrito con claridade. O problema é que a lexibilidade depende en grande medida da semellanza entre a forma que percibimos e a que xa temos almacenada na memoria, así que non se pode falar duns criterios universais de lexibilidade. A lexibilidade dun texto dependerá de factores persoais e culturais. O maior uso de texto composto en caracteres góticos na cultura alemá, por exemplo, fai que este tipo de texto poida ser lido con maior facilidade por unha persoa dese país que por outra doutro país diferente. Así mesmo as modas ou os cambios na escrita fan que a lectura de textos escritos en capitais sexa de máis doada lectura nuns momentos históricos que noutrós. O mesmo que sucede coa cursiva e a romana. Durante o século XVI a cursiva era o tipo de letra máis habitual, mentres que agora o é a romana, o que a leva a ser considerada a de mellor lexibilidade.

Ademais, na lexibilidade non inflúe só o tipo de letra tamén está condicionada por outros factores do deseño, como pode ser o tamaño das columnas do texto, o interliñado, o espaciado entre as letras e entre as palabras, o corte axeitado no final de cada unha das liñas, etc. Pero ao referímonos ao deseño dunha presentación, onde xa comentamos que o texto debería ser bastante limitado, son cuestións que non necesitamos analizar.

Lembra

Richaudeau, F. (1987).: *La legibilidad. Investigaciones actuales*. Sinala os seguintes factores que inciden na lexibilidade tipográfica:

- O tamaño dos caracteres.
- A cursiva e as maiúsculas.
- A tipografía.
- Os espazos e cortes entre as palabras.
- A xustificación das liñas.
- A lonxitude das liñas.
- O espaciado de liñas.
- O contraste entre o texto e o fondo.

Resumidamente podemos dicir con carácter xeral, que para facer máis lexible o texto dunha presentación deberemos ter en conta o seguinte:

- **O tamaño de letra.**

O tamaño das letras mídese en puntos e indica a altura dun x. Os textos escritos soen ter un corpo de 10 ou 12 puntos, pero para unha presentación debería empregarse unha altura mínima de 24 puntos.

- **O contraste co fondo.**

Para que un texto poida ser lido doadamente precisa que se distinga claramente do fondo. Para conseguilo é bo evitar poñer textos sobre fotografías, ou que o fondo teña unha cor moi similar á do texto.

- **A fonte.**

Parece claro que o emprego de tipos demasiado decorados dificultan a lectura, pero incluso as tipografías más habituais teñen diferentes niveis de lexibilidade.

Lembra

Willberg, P. (2003).: *Primeros auxilios en tipografía*. Gustavo Gili. Barcelona. Sinala algunas tipografías aconsellables pola súa lexibilidade.

Excelsior

- É unha tipografía algo fría empregada na prensa e cunha moi boa lexibilidade.

Rockwell

- Aínda que é un pouco dura, achega forza a unha composición moi definida.

Helvetica

- Tipografía de grande uso a pesar de que a súa lexibilidade se reduce en textos con liñas longas.

Gill Sans

- Algo tosca no seu deseño, pero unha das letras de mellor lexibilidade.

Avant Garde

- Especialmente indicada para palabras illadas en maiúsculas.

Bodoni

- É unha tipografía fermosa e con letras claras aínda que xera liñas un pouco duras que requiren darlle un bo interliñado.

Garamond

- Un tipo flexible e moi empregado na redacción de textos.

Amplía

Unha interesante análise sobre os factores que inciden na lexibilidade dunha tipografía.

INICIO

LOS AUTORES

ENLACES

MAPA DEL SITIO

CONTACTO

AVISO LEGAL



UnosTiposDuros

Teoría y práctica de la tipografía

Cuadratines

Todas las noticias y novedades
del mundo de la tipografía en un
solo enlace

Historia

El desarrollo de la tipografía y la imprenta desde su invención hasta la actualidad

Manos a la obra

Aprende a usar y diseñar
correctamente los caracteres
del alfabeto

Textc

Ideas, p
reflexic
tipogra

◆ Inicio » Manos a la obra

3.2.- Criterios xerais para o uso

Xa se comentou a subxectividade do uso das tipografías pero a continuación se presentan unha serie de consellos que con carácter xeral poderás seguir ao empregar a tipografía en calquera presentación.



- **Non deformes as tipografías.** Deseñar tipografías implica combinar coñecementos sobre a percepción visual e a lexibilidade con outros de tipo artístico para crear letras que teñan aspecto harmonioso e ao mesmo tempo permitan una lectura dada. Por ese motivo o que nunca (pero nunca de verdade) podes facer é distorsionar a tipografía estirando as letras para formar un título dun apartado, empregando recursos como o fontwork, por exemplo.
- **Combina diferentes estilos de tipografías.** É apropiado empregar varias tipografías dentro da presentación para obxectivos diferentes, por exemplo unha para os títulos, outra para o texto e outra para as notas. É habitual empregar unha tipografía romana ou exipcia para os títulos, unha san serif para os textos e unha cursiva para as notas ou comentarios ao marxe.
- **Usa fondos claros.** Facilita a lectura evitando poñer textos sobre fotografías, se resulta inevitable procura facer un marco cun fondo que permita un bo contraste.



- **Evita a tipografía de fantasía.** Aínda que é certo que determinados estilos tipográficos axudan a identificar mellor o contido do que se está a falar. Usar letra futurista para falar sobre os avances tecnolóxicos, por exemplo. Habitualmente reducen a lexibilidade, sobre todo en textos más longos, procura evitalos ou úsaos con prudencia.

Lembra

Samara, T. (2008).: *Tipografía para diseñadores*. Blume. Barcelona. comenta as seguintes recomendacións para a selección apropiada de tipografía en función da idade:

- **Primeiras lecturas.**

Tipos de letra simples e redondeados, con poucos detalles que non confundan na incipiente lectura.

- **Primaria.**

Búscase unha tipografía con aspecto lúdico, simple e sen elementos artísticos. Letras de pau seco negra ou supernegra, con emprego fundamental das minúsculas. Para dar connotación escolar empréganse exipcias e romanas negras.

- **Secundaria.**

Prefiren estilos que se separen do convencional, empregando grosos negros, cambios de proporción, detalles abstractos. Tamén se empregan tipografías que semellan a escritura a man e a deformación dos tipos más tradicionais.

- **Persoas adultas.**

Fundamentalmente o tipo de letra romana e mesmo a imitación da manuscrita pero sen inclinación e sen elementos decorativos dan aspecto de seriedade e formalidade.

- **Anciáns e anciás.**

Tipografías con alturas da x grandes, sen detalles. Empréganse tanto as romanas como as de pau seco pero con estilo antigo.

Amplía

É certo que a tipografía é unha cuestión que habitualmente pasa desapercibida para boa parte das persoas, pero curiosamente unha tipografía causou confrontamentos na rede entre os seus defensores e os seus detractores. Aquí podes ver a orixe dese conflito.

Este sitio emplea cookies de Google para prestar sus servicios, para personalizar anuncios y para analizar el tráfico. Google recibe información sobre tu uso de este sitio web. Si utilizas este sitio web, se sobreentiende que aceptas el uso de cookies.

MÁS INFORMACIÓN ENTENDIDO

[BLOG DE LA AGENCIA DE PUBLICIDAD](#)

[HOME](#)

[WEB OFICIAL](#)

[COLUMNISTAS](#)

[DISEÑO GRÁFICO](#)

[PUBLICIDAD](#)

3.3.- Seleccionando a tipografía

Amplía

Aquí podes ver resumidas as características que definen a tipografía e algunas orientacións para o seu uso en presentacións.

Eduardo S. de la Fuente Embed



[PreZENtations TIDbits - Typography](#) 13,849
[Presentations 6](#)

A ferramenta Google fonts ten diferentes utilidades para axudar a seleccionar a tipografía para a túa presentación. É moi doada de empregar, a continuación dámole unhas orientacións.

- Accede a Google fonts <https://fonts.google.com/>

Verás que aparece un listado de máis de 800 tipografías de uso libre e gratuito. Na columna da dereita podes indicar as características que queres que teñan as tipografías que aparecen, serif, imitando a escritura manual, apropiada para títulos ou das que ocupan o mesmo cada carácter (independientemente de que se trate dun i ou dun m). Tamén poderás elixir que aparezan tipografías en función do número de estilos ou variantes que posúen (cursiva, negriña, etc.), do grosor, do nivel de inclinación das letras ou da anchura das letras.

Ao pasar o rato por encima de cada unha das tipografías poderás seleccionar o tamaño, o estilo ou mesmo o texto que queres que aparezca para poder elixir mellor a tipografía que che interesa.

- Selecciona a tipografía que más che guste pulsando no texto SEE SPECIMEN que aparece na parte inferior dereita da tipografía.

Na nova fiesta que se abre podes ver toda a información sobre a fonte na columna da dereita. A persoa que a deseñou, os países nos que se usa con maior frecuencia, o número de webs nas que se emprega, etc.

Na parte inferior da mostra da tipografía aparece unha interesante ferramenta na que se indican as combinacións más frecuentes con esa tipografía e ademais permite ver o efecto que produce esa combinación.

- Se finalmente esa fonte che parece axeitada para o uso na túa presentación, deberás pulsar no texto SELECT THIS FONT que aparece na parte superior dereita da páxina.
- Nese momento aparecerache unha pequena fiesta (posiblemente de xeito minimizado) na que permite realizar diferentes tarefas pero da que empregaremos para esta tarefa únicamente o botón que aparece na parte superior dereita e que permite descargar a fonte.
- Depende de como teñas configurada a túa computadora, pero moi probablemente a fonte aparecerache nun arquivo comprimido na carpeta de descargas do teu explorador de arquivos.
- Vai á carpeta de descargas, busca o arquivo comprimido no que está a tipografía e descomprímeo.
- Pulsa co botón derecho sobre as tipografías e elixe a opción de instalar.

Amplía

Ademais de Google fonts hai outras páxinas que permiten seleccionar tipografías en función do uso que se lles queira dar, unha das más coñecidas é posible que sexa EsperFonto.

WILL-HARRIS.COM • DESIGN • WRITING • CHIPMUNKS • BOOKS • CLOTHING

ESPERFONTO

TYPEFACE SELECTION SYSTEM

SAP

Talento y Capital Humano

Descubre lo

One of the most vexing questions a good designer must ask when starting a job is, "What's the most appropriate typeface or font for this job?"

Notice that they don't ask "What's the right typeface?" because: In typography there is no right or wrong, just

Search for:

Typeface Name:

Relationships:

Formal

Impression:

More

Lembra



A lexibilidade das tipografías afecta tamén a outras linguas como o árabe, e así pode ser que escritos en árabe clásico que aparecen na Alhambra sexan difíclies de ler para un árabe actual, xa que ten unha caligrafía ornamental, con elementos que dificultan a súa lectura. Na Alhambra usáronse tres tipos de letra. A cúbica de Quha (Iraq), foi a primeira. Empregada para copiar o Corán, considerouse sacra, posteriormente foi substituída pola cursiva até que os artesáns granadinos crearon o cúbico xeométrico.

Arturo Iglesias